

# Lectura acertada

*Euro, euras, euramos*



DORINDA CASTRO SOLIÑO

**E**uloxio Rodríguez Ruibal (Ordes, A Coruña, 1945), é alguén dono dunha abondosa bibografía como narrador, pero sobre todo no espazo do teatro, xa sexa como ensaísta xa como creador de pezas: gañador do Premio Abrente da I Mostra de teatro de Ribadavia, fito histórico (hoxe de loito pola recente morte de Rubén García, o seu director) coa obra *Zardigot* (ex aequo con *O meu mundo non é deste reino* de Manuel María), resultou así mesmo vencedor mesmo do premio Álvaro Cunqueiro con *Azos de esguello* no 1989 e acadou tamén a mención honorífica no Iº concurso de Teatro Infantil O Facho coa obra que se publicará baixo o título *O aparello trocatempos* no ano 1974.


Pero é tamén Euloxio R. Ruibal home vinculado ao mundo do cinema en Galiza. Foi guionista de varias curtas e longametraxes e fundador do equipo de cine Lupa, un fito, de novo, histórico que nos anos 70, de xeito heroico, puxo en práctica un cine afeccionado coa idea principal de dar pulo a un cine galego como forma de expresión e comunicación partindo das raíces.

Euloxio R. Ruibal é agora de novo noticia pola

publicación de *Namberguán*, guión de cinema editado por Laiovento, unha obra, permítannos a licenza, de lectura acertadísima para estes tempos de crise porque nos introduce no mundo das finanzas, da corrupción, do engano, do poder e da alienación

causada polo neoliberalismo capitalista (galaico?, pregúntase na lapela). E é que o argumento xira arredor de Faustino, un auténtico namberguán dos negocios, un home felizmente divorciado, un triunfador na empresa, cobizado polas mulleres e valorado polo seu xefe. Pero finalmente todo se enreda e nada é o que parece. Todo é falso como o Rolex do que presume, un xogo ficticio dentro da ficción. Ruibal, como mestre, realiza continuas referencias ao mundo do cine, a clásicos universais, ao teatro con xogos de máscaras, as artes, e a cultura e realidade do país, facilmente recoñecible polos parques eólicos que mesmo se tornan escenarios de eróticos encontros amorosos: “Non é máis que aire, só aire, todo aire”

Unha delirante obra chea de ironía, humor, sátira que retrata un mundo no que todo ten un prezo: “o que se vende, mércase, o que se merca, revéndese”, con protagonistas que son xente “guai, sexi, jet, romántica, impresionante, chic, e filipina, de alto copicheo e fino changüi”, na que, como di o banqueiro prexubilado: “euro, euras, eura, euramos, eurades euran.”



---

*RUIBAL, Euloxio, Namberguán, Ed. Laiovento, Santiago, 2008, 117 páxinas.*